EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catorce de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas da Xunta de Goberno Local, correspondentes a sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2014 e ás sesións extraordinarias e urxentes celebradas o día 29 e o día 30, ás 14,00 e ás 18,10 horas, de decembro de 2014.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

1. PERSOAL.- Acórdase a apertura de información reservada na Gardería Serra de Outes.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada pola xunta de goberno local na sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2014 para a construción de edificio na rúa Rof Codina, 36.

Acórdase aprobar a solicitude na que se insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para reforma de portal no edificio sito na rúa da Raíña, 8, pola que ingresou autoliquidación número 6853309, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao desistir da licenza de obras solicitada para modificación da licenza de obras número 1196/2011 da vivenda existente no baixo cuberta,

MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:LfEQw44rYBhax/IrqeF1Dw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	16/01/2015
ID. FIRMA	afirma.pro	LfEQw44rYBhax/IrqeF1Dw==	PÁGINA	1/2

LfEQw44rYBhax/IrqeF1Dw==

consistente na reforma dos ocos de iluminación e ventilación, na edificación sita na rúa Otero Pedrayo, 35.

Do mesmo xeito, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao desistir da licenza de obras solicitada para construír unha vivenda unifamiliar no núcleo rural de Santalla -Ribeira, Parroquia de Santalla de Cuíña.

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares así como da adxudicación por procedemento aberto no procedemento de licitación para o alleamento de vehículos municipais declarados efectos non utilizables e a apertura do procedemento de adxudicación.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:LfEQw44rYBhax/IrqeF1Dw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	16/01/2015
ID. FIRMA	afirma.pro	LfEQw44rYBhax/IrqeF1Dw==	PÁGINA	2/2

LfEQw44rYBhax/IrqeF1Dw==